

Sumario | nº2 – Decembro 2020


**TESES**

## PEQUENA GUÍA PARA OS GRANDES PASOS DA TESE

1. Como depósito
2. O acto de defensa
3. Admisión e matrícula
4. Baixas e prórrogas
5. Xustificar as actividades
6. Compromiso de supervisión
7. Plan de investigación

**OPINIÓN**

## Resiste e gaña, a lección máis valiosa



**NOVAS**

## Consellos extraordinarios

Que pensan as/os que levaron o premio á mellor tese de doutoramento?

**NOVAS**

## As baixas a petición propia só se poden activar unha vez



**NOVAS**

## Cursos EDIUS no PFID para profesorado dos programas de doutoramento



**ENTREVISTA**

**Emilio Ángel Abad Vida**  
Centro Supercomputación de Galicia

*“Os SIX son ferramentas de análise para resolver problemas sobre o territorio e propoñer solucións”*



## Como lle está afectando a pandemia do COVID-19 á túa investigación?



**NOVAS**

## En marcha o VIII Encontro da Mocidade Investigadora



**NOVAS**

## A Real Academia de Doutores de España premia unha tese da USC





*«Everybody has  
a plan until they  
get punched in  
the face»*

Mike Tyson

OPINIÓN

## Resiste e gaña, a lección máis valiosa

Un dos primeiros trámites que fai un estudante de doutoramento é preparar o seu Plan de Investigación, que inclúe a metodoloxía e obxectivos da súa tese, así como os medios e a planificación temporal para logralo. En teoría, o doutorando, seguindo ese plan, poderá chegar a completar o seu proxecto de investigación orixinal—a súa tese—en tres anos; na práctica, moitas veces, ese plan é válido só por un tempo moi curto, ata que a realidade da investigación propinoulle uns cuantos directos e ganchos ao doutorando, que ao final do seu primeiro ano de tese dáse conta de que o seu maltreito plan de investigación era unha versión académica do conto da leiteira.

Chegados a este punto, o noso pobre doutorando adoita caer nun pozo de desesperación e angustia existencial coa sensación de que nunca acabará a súa (*p#t.\$*) tese. Afortunadamente, poucas, moi poucas veces ocorre iso. Co consello do seu director de tese, coa axuda dos seus compañeiros e, sobre todo, con traballo e esforzo, o noso heroe/doutorando encaixa os golpes do destino—máis fortes que os de Tyson—e consegue completar un proxecto de investigación, inesperado, diferente ao orixinal, pero tamén máis interesante, máis creativo e auténtico, un proxecto propio do que sentirse orgulloso.

Ao longo desa aventura, o incauto estudante de doutoramento acaba por transformarse nun experimentado investigador que sabe sobrepoñerse aos reveses intrínsecos a calquera exploración que se adentre no descoñecido e esa é, para alén das competencias técnicas e dos coñecementos adquiridos, a lección máis valiosa dun doutoramento. Como dicía Camilo José Cela: “O que resiste, gaña”.

**M. Eugenio Vazquez**

@ChemBioUSC / eugenio.vazquez@usc.es

Subdirector da EDIUS

Coordinador da Área de Ciencias e Enxeñarías

↩ [Ir ao sumario](#)

---

# mini GUÍA

para os **grandes pasos**  
na etapa *da tese*

---

Como facer un cambio de dedicación, unha modificación de matrícula, tramitar unha prórroga ou unha baixa temporal, ou como subir a túa secretaría virtual as actividades formativas que tes superadas son trámites sinxelos que podes resolver facilmente. Presta atención aos recordatorios destas páxinas sobre o teu Plan de Investigación e sobre o Documento de Supervisión Documental, pero tamén sobre como facer o depósito da tese ou como preparar o acto final de defensa. Son apuntamentos que dan sentido a esta mini guía, unha axuda imprescindible para non enliarse nos trámites administrativos da etapa da tese.

---



## 5 pasos importantes

### TRÁMITES

1

#### Admisión, matrícula e taxas

Para calquera cuestión ou problema relacionado con estes asuntos, debes de dirixirte ao Servizo de Xestión Académica, empregando o email [doutoramento@usc.es](mailto:doutoramento@usc.es)

[Consulta a información sobre a admisión e os calendarios de inscrición e matrícula](#)

2

#### Cambios de dedicación, baixas temporales y prórrogas

Os cambios de dedicación solicítanse cada curso académico durante o período ordinario de matrícula. **A Comisión Académica do Programa de Doutoramento (en adiante, CAPD)** é o órgano competente para a súa valoración.

As solicitudes de baixa temporal deben acreditarse documentalmente. Con carácter previo á resolución de concesión ou denegación, a CAPD debe emitir informe.

Transcorrido o prazo de tres anos a tempo completo ou de cinco anos a tempo parcial, o doutorando poderá solicitar á **CAPD** a autorización de prórroga.

#### [Ir ao seguimento dos doutorandos](#)

##### Ten en conta que:

- Sempre se solicitan pola túa Secretaría Virtual.
- A documentación xustificativa da túa petición, de momento, tes que facerlla chegar ao Servizo de Xestión Académica a través do email [doutoramento@usc.es](mailto:doutoramento@usc.es), quen a remitirá ao teu programa para o seu informe.
- Quen resolve ou non estas peticións non é a Escola, é o Servizo de Xestión Académica despois da recepción do informe da CAPD. Se tes calquera dúbida ou problema debes dirixirte a eles a través do email [doutoramento@usc.es](mailto:doutoramento@usc.es).

**3**

**Xustificación das Actividades Formativas**

Debes deixar constancia na **túa Secretaría Virtual** de todas as actividades formativas realizadas, que deben ser aceptadas polo titor/a ou director/a (perfil autorizado) e validadas pola CAPD. Aínda así, debes custodiar os documentos orixinais que acrediten a realización das actividades.

**Ten en conta que:**

- Podes subir, ao longo do curso, na túa Secretaría Virtual as xustificacións das actividades que vaías realizando. Entra no “Documento de Actividades” e súbeas en canto teñas o certificado, non esperes ao último día.
- Revisa con periodicidade a oferta de actividades de formación transversal que oferta a Escola, xa que se vai actualizando progresivamente, os requisitos de cada unha e o procedementos de matrícula.

**4**

**Compromiso Documental de Supervisión (CDS)**

É o documento que recolle as funcións de supervisión, tutela e seguimento dos doutorandos/as. Nel se especifican as condicións de realización da tese, os dereitos e deberes do doutorando/a, incluíndo os posibles dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial derivados da investigación, a aceptación do procedemento de resolución de conflitos, así como os deberes do titor/a do doutorando/a e do seu director/a de tese (cargos que poden recaer na mesma persoa). Debe entregarse no prazo máximo dun mes dende a designación de director/a de tese.

**Ten en conta que:**

- O CDS tan só se entrega na EDIUS unha vez asinado polas persoas nomeadas para a dirección e titorización da tese pola CAPD, non antes. Se hai cambios na dirección da tese, debe comunicarse entregando o formulario de modificación de datos no CDS.
- Se a función de director/a e titor/a é asumida pola mesma persoa, esta debe asinar os dous recadros correspondentes.
- Non son válidas as sinaturas manuscritas escaneadas. Só pode asinarse o CDS con firma electrónica ou firma manual orixinal. Un mesmo CDS pode combinar sinaturas electrónicas e firmas manuais orixinais.
- Se todas as sinaturas son electrónicas o CDS pode achegarse por email. Se leva algunha firma manual debe entregarse presencialmente na EDIUS.

 [Ir ao modelos](#)

**5**

**Plan de investigación**

É o documento que recolle a metodoloxía que empregará o doutorando/a e os obxectivos que se pretenden alcanzar, así como os medios e a planificación temporal para acadalo.

O Plan de Investigación (PI) inicial debe elaborarse no prazo máximo de seis meses contados dende a data de matrícula. O doutorando/a poderá modificar o seu PI cando o considere necesario.

**Ten en conta que:**

- Se non o fixeches aínda, comeza a preparar o teu PI de acordo co teu director/a desde o momento en que o nomeen.
- O plan cúbrese on-line na Secretaría Virtual e terás pleno acceso ao formulario cando teñas asignadas á/s persoa/s directora/s. A pesar disto, podes ir facéndoo nun procesador de textos e despois simplemente tes que copialo e pegalo.
- Lembra que o idioma do PI será o idioma no que terás que presentar a túa tese de doutoramento, polo que ambos deben coincidir.

**SE TES ALGUNHA DÚBIDA:**  
[edius@usc.es](mailto:edius@usc.es)

## Como depósito a Tese?

### DEPÓSITO

**Cando a tese xa esté case rematada, vai revisando os trámites necesarios para facer o depósito e comezar o procedemento que permita a súa defensa.**

A tese redactarase, como norma xeral, na lingua sinalada ao elaborar o plan de investigación: galego, castelán ou inglés. Para facelo noutra lingua precisará dunha autorización previa da CAPD e da EDIUS. No caso de que se redacte nunha lingua distinta do galego ou castelán, deberase incluír no exemplar un resumo de polo menos tres mil palabras en galego.

- A solicitude de depósito da tese só se pode facer a través da SEDE ELECTRÓNICA, empregando o [formulario](#) dispoñible na web da EDIUS.
- A documentación obrigatoria a presentar na SEDE ELECTRÓNICA está recollida na [ligazón](#).
- Os documentos que requiran da sinatura do doutorando/a, e das persoa/s directora/s e titora/s deberán facerse con sinatura electrónica.
- O pdf da tese de doutoramento NON se sube á SEDE ELECTRÓNICA, senón que será requirido posteriormente polo teu Programa de Doutoramento para incorporalo ao teu expediente.

### Normas de edición do exemplar:

Antes de redactar o texto definitivo da tese, débense ter en conta as directrices tanto xerais, recollidas no artigo 34 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, como as [específicas](#) de cada Sección da EDIUS e do [formato de elaboración](#) das teses.

[Ir aos trámites para a presentación da tese a trámite](#)

[Ir a guías e impresos](#)

[↩ Ir ao sumario](#)

---

**Revisa as particularidades dos trámites necesarios para o depósito de teses monográficas con contidos derivados de publicacións así como das teses por compendio de publicacións.**

**NON esquezas que:**

- Nas teses monográficas con contidos derivados de publicacións así como nas teses por compendio de publicacións tes que indicar claramente cales foron as túas contribucións nesas publicacións, e referenciar completamente esa/s publicación/s.
- Nas teses monográficas con contidos derivados de publicacións tes que presentar:
  - A aceptación por escrito das persoas coautoras doutoras autorizando a presentación dos contidos derivados de publicación/s na tese.
  - A aceptación por escrito das persoas coautoras non doutoras onde se comprometen a identificar de xeito inequívoco a/túa/s contribución/, en particular, cando estes contidos se presenten tamén como parte doutra tese, para poder manter a coherencia e comprensión dos resultados da mesma.
- Nas teses por compendio de publicacións tes que aportar:
  - A declaración das persoas coautoras indicando que os artigos incluídos no compendio non foron empregados noutra tese.
  - A renuncia por escrito de todas as persoas coautoras non doutoras a empregar estas publicacións como parte doutra tese.
  - A partir do 1 de xaneiro de 2021, a discusión xeral debe ter una extensión mínima de 5000 palabras.
- De xeito excepcional, cando non sexa posible ter a aceptación por escrito de todos os coutores/as doutore/as e/ou non doutores, poderase substituír ese documento por unha declaración responsable túa indicando que puxeches en coñecemento daqueles a normativa e que contas coa súa autorización para presentar as contribucións como parte da tese (monográfica ou por compendio segundo o caso).
- O exemplar físico da tese, que contará con todas as firmas orixinais manuscritas ou electrónicas, entregárase ao teu Programa de Doutoramento cando recibas a autorización de defensa por parte da EDIUS. Eles xa nolo farán chegar á Escola.
- Coa implantación das solicitudes de presentación de teses por medios telemáticos (sede electrónica), o prazo máximo de permanencia nos estudos de doutoramento non se ve afectado polos períodos non lectivos establecidos no calendario académico da USC.

---

 [Ir ao sumario](#)

## Acto de defensa

### DEFENSA

### Trámites para o acto de defensa da tese

A defensa da tese pode facerse de modo presencial, semipresencial ou, de modo excepcional, virtual.

**Presenciais:** Desenvólvense como ata agora coa única dife-rencia de que é necesaria a súa notificación á EDIUS para darlle publicidade na web.

**Semipresenciais:** Son as defen-sas nas que polo menos o douto-rando/a e un membro do tribunal asisten de forma presencial. Os medios habilitados son Microsoft Teams e videoconferencia. Este último recoméndase cando é só un dos membros do tribunal quen actúa de forma telemática; neste caso a asistencia de público só pode ser presencial.

**Virtuais:** Son as defensas nas que todos os membros asisten de forma telemática. Debe xus-tificarse a imposibilidade de asistencia presencial.

[↗ Ir a defensas de tese](#)

[↶ Ir ao sumario](#)

Xa non é necesario que os membros do tribunal emitan un informe previo á defensa da tese. Cando recibas a autoriza-ción da EDIUS para a defensa, no caso de teses (semi)tele-máticas, tes que facer unha solicitude de defensa a través de SEDE ELECTRÓNICA indicando:

- A modalidade de defensa que queres facer (presencial, semitelemática ou telemática).
- Unha data e hora estimada da defensa, lóxicamente acordada previamente entre o tribunal, ti, e a/s túa/s persoa/s directora/s.
- Declaración de cada membro do tribunal que actúe telemáticamente indicando que pode facelo nesta modalidade.

#### NON esquezas que:

Se vas facer a defensa de xeito semitelemático ou telemático, procura:

- Familiarizarte previamente co Microsoft TEAMS, que é o sof-tware oficial da USC no que transcorrerá a sesión de defensa. Conéctate á aplicación empregando as credenciais da USC para que poidas ter acceso a todas as funcionalidades (previa comunicación dos datos á EDIUS para que che deamos os permisos de acceso).
- Só terás que preocuparte de poder conectarte á videoconfe-rencia programada para a túa sesión de defensa, e comprobar que podes compartir a túa presentación cos asistentes. O resto é cousa nosa.
- Os asistentes poderán conectarse á túa sesión de defensa a través do enlace que estará dispoñible **aquí**.
- No caso de defensas de tese de xeito presencial, será o Pro-grama de doutoramento o que deba notificar, mediante o envío dun correo electrónico, os datos correspondentes ao acto de defensa (data, lugar e hora da sesión de defensa) cunha antelación de 10 días e unha vez se conte coa autorización do centro onde se relizará o acto de defensa.

# Consellos extraordinarios

As súas teses están entre as que recibiron o Premio Extraordinario de Doutoramento das defendidas no curso 2018-19. Pedimos a todas as persoas premiadas que nos deran o seu parecer para encarar mellor esa tarefa. As que aceptaron participar tecen unha boa lista de consellos que son, coma eles, extraordinarios.



**O máis importante na etapa de tese é:**

**Que non fixen e si faría hoxe se estivera aínda facendo a tese?**

**O mellor consello que poderías dar a quen estea facendo a súa tese:**




**María Castro Corredoira**  
Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Centrar a investigación nunha temática que te apaixone. É fundamental procurar unha liña de investigación que suscite moito interese ao doutorando/doutoranda, sobre todo, porque é o epicentro da túa vida profesional durante moito tempo.

Seleccionar con maior criterio curricular. Durante a tese non é infrecuente descoñecer o valor curricular que unha ou outra actividade poden ter. Ás veces, colmas esforzos en cuestións de escasa relevancia.

Respectar os propios tempos de cada un e non desesperarse. Se algo aprendín na etapa da tese é que é un período bonito pero tamén duro, polo que tamén hai que aprender a xestionar situacións e momentos difíciles.



**Tamara Bouso Rivas**  
Área Artes e Humanidades

Ter un proxecto coherente cuns obxectivos ben definidos dende un principio. Isto axuda a unha xestión óptima do tempo limitado co que se conta para cumprir con outras obrigas e responsabilidades que son inherentes á nosa profesión.

Planificar ben o tempo a investir nos nosos estudos. Na nosa profesión debemos ser moi rigorosos, pero tamén entender que temos un tempo limitado e que os resultados non sempre son como queremos que sexan.

Que nunca perda de vista os seus obxectivos, e ante todo que sempre manteña a curiosidade e a ilusión por seguir aprendendo, investigando e difundindo o seu coñecemento.



**Ismael González García**  
Área Ciencias da Saúde

O máis importante é aprender a responder preguntas científicas, adquirir a capacidade de deseñar experimentos que permitan resolver unha hipótese inicial. Isto implica interpretar a evidencia previa, aplicar unha metodoloxía adecuada, usar os controis precisos e interpretar ben os resultados.

O que tentaría facer é optimizar mellor o meu tempo de traballo. Trataría de ser máis eficiente e organizado nas horas de traballo para manter un mellor equilibrio entre a vida laboral e a familiar.

A etapa doutoral, habitualmente, supón a realización dun proxecto a moi longo prazo. Eu creo que, un bo consello é marcarse obxectivos a máis curto prazo que xeren recompensas intermedias e te permitan manter a motivación durante todo o período doutoral.

[↩ Ir ao sumario](#)



**O máis importante na etapa de tese é:**

**Que non fixen e si faría hoxe se estivera aínda facendo a tese?**

**O mellor consello que poderías dar a quen estea facendo a súa tese:**



**Jesús García Álvarez**  
Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Desfrutar do camiño. É o máis importante. Ser capaz de desfrutar de todo a pesar das dificultades que supón un proxecto desta envergadura. Maduramos a nivel persoal e profesional poñéndonos a proba, sorteando dificultades e descubrindo aspectos de nós mesmos que descoñecíamos.

Buscar un maior equilibrio entre as esixencias formais que implica realizar unha tese de doutoramento e as preferencias dun mesmo, en definitiva, ter unha maior dependencia da propia creatividade.

A tese é unha maratón intelectual que require de compromiso, esforzo e constancia. É importante dosificar as forzas. Na súa elaboración establecemos un forte vínculo que durará varios anos. Non debemos concebila como un final, senón máis ben como o inicio dunha nova etapa.



**Francisco Cebreiro Ares**  
Área Artes e Humanidades

Manter o equilibrio entre a dedicación á investigación e os aspectos da vida persoal. Tamén, elaborar unha tese de calidade e atender o resto dos aspectos do currículo: publicacións, estancias, proxectos, administración, idiomas, etc.

Redactar a estrutura da tese tendo en conta o mundo editorial (actual) e os formatos das revistas internacionais, se ben considero que a “vella forma” das teses ten un sentido e un valor en si mesmo.

Madrugar (e establecer contacto con colegas da disciplina do resto do mundo).



**Lucía Rey Ares**  
Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Constancia. Paciencia. Paixón. Con frecuencia, os froitos do esforzo realizado non se vén até pasado algún tempo. Investigar sobre un tema que nos apaixone e motive é fundamental para non decaer cando os momentos de desánimo -que os hai- aparecen.

Se fose novamente estudante de doutoramento, quizais optaría por elaborar unha tese por compendio de artigos de investigación e por realizar algunha estada de investigación adicional.

Que faga unha boa elección da persoa/s que vai dirixir a súa tese, que saque o máximo proveito das oportunidades de aprendizaxe que se presentan, que non perda de vista o futuro e que disfrute da aprendizaxe e crecemento académico e persoal que posibilita o doutoramento.



# catro cousas

Como lle está afectando  
a pandemia do COVID-19  
á túa investigación?

Responder pregunta



**EDIUS** **NOVAS**

## As baixas temporais a petición propia só se poden pedir unha vez e non poderán prorrogarse se son inferiores a un ano

Se é por curso completo non hai obriga de pagar matrícula.



[Regulamento en galego](#)



[Regulamento en español](#)

O Regulamento de Estudos de Doutoramento establece que o estudante poderá solicitar, a petición propia, unha única baixa temporal no programa de doutoramento ante a CAPD por causas debidamente xustificadas. O período máximo desta baixa temporal é dun ano, ampliable ata outro ano máis. Tamén recolle que “a solicitude deberá estar avalada pola directora ou director da tese e realizarse durante o período de tutela académica, agás circunstancias excepcionais debidamente xustificadas” polo que a Comisión Executiva da EDIUS, reunida o 20 de novembro, considerou necesario facer as seguintes aclaracións sobre as casuísticas que se poden dar:

- A efectos de solicitude desta baixa temporal a petición propia, o período de tutela académica non inclúe os períodos de prórrogas. No caso de que se proceda a solicitar este tipo de baixa debidamente xustificada cando se está nalgún período de prórroga, a solicitude deberá ter o informe favorable das/os directores da tese e da CAPD, e terá que ser informada favorablemente pola Comisión Executiva da EDIUS.
- Se a solicitude de baixa ten unha duración inferior a un ano, non hai posibilidade de solicitar prórroga por un ano máis.

*«Art. 22.1.1. Distínguense dous tipos de baixa temporal, que non se computarán para os efectos do tempo mínimo e máximo de permanencia nos estudos de doutoramento:*

*a) Por razóns de enfermidade, embarazo ou calquera outra causa prevista na normativa laboral vixente. As peticións deberán ser acreditadas documentalmente e dirixidas á CAPD responsable do programa. A duración da baixa será determinada pola causa dela.*

*b) A petición propia, a doutoranda ou doutorando poderá solicitar unha única baixa temporal no programa de doutoramento ante a CAPD por causas debidamente xustificadas. O período máximo desta baixa temporal será dun ano, ampliable ata outro ano máis. A solicitude deberá estar avalada pola directora ou director da tese e realizarse durante o período de tutela académica, agás circunstancias excepcionais debidamente xustificadas.»*

- A/o doutorando que solicite a baixa por un curso académico completo, do 1 de setembro ao 31 de agosto, estará exento do pago de matrícula dese curso. No caso contrario, terá que abonar a matrícula completa aínda que unha parte do/s curso/s estea de baixa temporal.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Axuste temporal nos requisitos das Teses por compendio de publicacións

A Comisión Executiva da EDIUS acordou, na súa reunión do 20 de novembro, axustar os requisitos para a presentación e admisión a trámite das teses elaboradas por compendio de publicacións e aprobou establecer unha prórroga até o 1 de xaneiro de 2021 para aplicar a obriga dunha extensión mínima de 5.000 palabras no apartado obrigatorio de discusión xeral da tese. Tamén decidiu que, de modo excepcional, posibilitase a presentación dunha declaración responsable por parte do doutorando/a no caso de non ter as declaracións dos coautores ou de telas sen as sinaturas válidas (electrónicas o manuscritas orixinais).

## Iniciado o proceso para a renovación das CAPD

A EDIUS impulsa a renovación das CAPD de todos os programas de doutoramento da USC para proceder a axustar a súa composición ao que estipula o novo regulamento de réxime interno da EDIUS, que entrou en vigor en setembro. Para poder levar a cabo este proceso, enviaráselle aos programas de doutoramento as indicacións para que, de ser o caso, procedan a realizar as modificacións pertinentes.

## En marcha o VIII Encontro da Mocidade Investigadora, que se realizará *online* en maio

A Escola de Doutoramento Internacional da USC comezou a impulsar a organización do VIII Encontro da Mocidade Investigadora que quedara posposto pola situación sanitaria e que agora se prevé celebrar no mes de maio de 2021 en formato telemático. Para a posta en marcha do encontro constituirase un comité organizativo formado por dúas persoas que xa tiveran participado na anterior edición xunto con outras tres por cada grande área de coñecemento.

Nesta edición tamén se invitará a colaborar a asociacións de estudantes que poidan estar interesadas así como a representantes da Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC). Máis información de como colaborar na organización no mail:

[edius@usc.es](mailto:edius@usc.es)

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Cursos da EDIUS vinculados ao PFID e orientados ao profesorado dos programas de doutoramento



Ana Isabel Rodríguez



Marián Cobelas

A EDIUS retoma e aumenta a oferta de actividades formativas orientadas ás persoas que dirixen ou titorizan teses de doutoramento. A revitalización desta iniciativa comeza con tres novos cursos: *Ferramentas para a creación de contidos audiovisuais para a investigación e a docencia*, que se impartirá o 15 de decembro de 2020 e o 13 de xaneiro de 2021; *Obradoiro de xestión de equipos*, os días 22 de decembro de 2020; e 12, 19 e 26 de xaneiro de 2021; e *Xestión de recursos*, o 25 de xaneiro e o 8 e 22 de febreiro de 2021. As tres actividades son gratuitas, con previa inscrición, e están propostas para ser recoñecidas como cursos de innovación e formación docente (PIFD).

### *Ferramentas para a creación de contidos audiovisuais para a investigación e a docencia, Obradoiro de Xestión de equipos e Xestión de recursos*

O primeiro curso, coordinado pola profesora Ana Isabel Rodríguez, do PD en Comunicación e Información Contemporánea, oriéntase á adquisición de destrezas básicas no manexo de ferramentas de gravación e edición para a súa aplicación na creación de contidos audiovisuais de modo que permitan mellorar a formación do profesorado na elaboración de contidos audiovisuais para o seu uso en actividades docentes e de investigación. Estará impartido por Alba Silva, Roi Méndez e Ana Isabel Rodríguez, profesorado do Departamento de Ciencias da Comunicación da USC.

Tamén neste mes de decembro, comeza un obradoiro de xestión de equipos orientado a revisar estratexias para a xestión eficaz de persoas e estratexias de autoliderazgo e xestión emocional para favorecer o alcance de obxectivos individuais e comúns. O obradoiro será *online* e estará impartido por Marián Cobelas, profesora da Universidade Internacional de La Rioja (UNIR).

Máis información en:  
[edius.formacion@usc.es](mailto:edius.formacion@usc.es)

 [Ir ao sumario](#)

**EDIUS** NOVAS

## Investigacións destacadas por sociedades científicas



**María Lorenzo**

María Lorenzo González, do PD en Epidemioloxía e Saúde Pública, recibiu un dos tres premios da Sociedad Española de Epidemiología ao mellor artigo publicado no 2019, *Lung cancer risk and do-it-yourself activities. A neglected risk factor for lung cancer*, na revista *Environmental Research*. Dirixen a tese Alberto Ruano Raviña e Juan Miguel Barros.



**Nerea Mouriño**

Nerea Mouriño, do PD en Epidemioloxía e Saúde Pública, recibiu un dos dez premios da Sociedad Española de Epidemiología á mellor comunicación. Dirixen a súa tese Mónica Pérez Ríos e Joe Braun, da Universidade de Brown, EEUU.



**Alejandro Fuentes**

Alejandro Fuentes Iglesias, do PD en Medicina Molecular, acadou o Premio de Investigación Ernesto Vieitez Cortizo na modalidade de Traballo de investigación realizado por investigadoras/es séniors polo artigo *ADAR1-Dependent RNA Editing Promotes MET and iPSC Reprogramming by Alleviating ER Stress* - *ScienceDirect*, publicado coa doutora Diana Guallar Artal.

## A Real Academia de Doutores de España premia unha tese da USC



**Sara Mandiá Rubal**

Sara Mandiá Rubal, do PD en Comunicación e Información Contemporánea, foi galardoada co Premio Fundación Ignacio Larramendi 2020, que outorga a Real Academia de Doctores de España pola súa tese sobre *Presencia y nivel de actividad en redes científicas de los investigadores españoles que publican en revistas de comunicación indexadas en Scopus (Elsevier): estudio de los perfiles en redes so-*

*ciales y su posible impacto en los índices de citación*, dirixida polos profesores Miguel Túñez López (USC) e Maricela López Ornelas (Universidade Baixa California, Mexico).

***Para Sara Mandiá, este premio “é o recoñecemento a unha aportación de futuro para seguir explorando as tendencias na comunicación da ciencia”***

[↩ Ir ao sumario](#)

NOVAS

## Premios do Concello de Santiago a investigacións sobre emprego

O Concello de Santiago de Compostela vén de convocar os [premios a traballos académicos](#) sobre desenvolvemento produtivo local, a creación de emprego e modelos de xestión que estimulen a atracción e retención do talento. Os premios inclúen un apartado de teses de doutoramento defendidas nos cursos 2018/19 e 2019/20 para as que se establecen tres premios de 2.500, 2.000 e 1.500 euros. Tamén se convocan premios para os traballos de profesorado e de persoas vinculadas a grupos de investigación da USC con contías de 4.000, 3.000 e 2.000 euros. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto durante 15 días naturais que comezan a contar ó día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no que apareceu o 20 de novembro.

## Dez becas AISTI

AISTI anuncia a [convocatoria de dez bolsas](#) de doutoramento en 2021, por valor de 1.500 euros cada unha, no ámbito das áreas científicas de Sistemas e Tecnoloxías de Información e afíns.

As propostas poden presentarse até o 31 de decembro de 2020.

## Búscanse as mellores teses de enxeñaría e de tecnoloxía nuclear

A Fundación SENER convoca o premio anual á mellor tese de doutoramento en enxeñaría presentada no ano 2020. Outorgarase un único premio dotado con 12.000 euros para o autor/a e 3.000 euros a repartir entre os directores de tese. O prazo remata o 31 de decembro. [Consulta as bases](#).

A Sociedad Nuclear Española convoca o [Premio SNE](#) á mellor tese de doutoramento de 2020 que inclúa aportacións relevantes no campo da ciencia ou da tecnoloxía nuclear. Solicitudes até o 8/01/2021,

## 16 bolsas Fulbright de investigación predoutoral

Fulbright España convoca [16 bolsas](#) para realizar investigación predoutoral en universidades ou centros de investigación de Estados Unidos, en calquera disciplina, durante un período de entre seis e doce meses. As bolsas están dirixidas a titulados superiores españois que estean a realizar o doutoramento en España. O período de goce das bolsas será entre xuño de 2021 e decembro de 2022. O prazo de presentación de solicitudes remata o 12 de xaneiro 2021.

**USC** NOVAS

## Explicar a tese nun *picht*

O Grupo Compostela de Universidades (GCU) convoca unha nova edición do concurso de *pitches* de investigación co que “pretende outorgar visibilidade á investigación levada a cabo polas universidades socias e impulsar a difusión dos resultados destas” e contribuír “ás políticas desvoltas polas universidades socias para impulsar a difusión de súa actividade investigadora”.

As persoas investigadoras das Universidades do Grupo, entre elas a USC, poden participar na actividade cunha presentación audiovisual na que expoñan, brevemente, as chaves da súa investigación. O Grupo Compostela de Universidades premiará ós *pitches* que mellor adapten a súa mensaxe a un público xeral, transmitan a relevancia da súa investigación e a súa aportación á sociedade. A data límite para presentar candidaturas é o 7 de abril de 2021 (12:00 PM GMT).

## Como conseguir o texto completo dun artigo?

A Biblioteca Universitaria-USC pon a disposición das/os investigadores unha guía para saber como conseguir o texto completo dun artigo. No documento hai información relevante para acceder a textos completos a través da biblioteca, desde dentro e desde fóra da rede da USC e mediante extensións no navegador.




## BIP, o Boletín de Información Profesional da USC

A área de orientación laboral e emprego da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Servizos da Universidade de Santiago de Compostela vén de pór en marcha BIP, o [Boletín de Información Profesional](#).

Neste Boletín ofrécense, con amplo detalle, propostas de orientación laboral, emprego, bolsas de I+D e prácticas remuneradas. Tamén inclúe un enlace á [Plataforma de emprego da USC](#) para mellorar a empregabilidade do alumnado e das persoas egresadas.

[↩ Ir ao sumario](#)



# Formación

## Actividades

Decembro 2020 - Xaneiro 2021

### Módulo: Competencias en análise de datos e modelización

BLOQUE BÁSICO (Programados en R)

#### I Introducción a R, estatística e visualización

12, 14, 19 e 21 de xaneiro de 2021

Presencial en Santiago e sincrónico (TEAMS). Matrícula: do 14 ao 23 de decembro de 2020

#### Introducción á programación de análises empíricos con R


25, 27 e 28 de xaneiro de 2021 (*online*)

Matrícula: do 11 ao 21 de xaneiro de 2021

A matrícula faise a través da secretaria virtual do alumnado.  
Busca en *Oferta as Actividades da EDIUS*, pero antes:

- **Consulta co/a teu/úa titor/a** se esta é unha **actividade adecuada para as túas necesidades** formativas.
- **Matricúlate nos cursos básicos consecutivamente:** 1º Introducción a R, 2º Introducción á regresión e 3º Introducción á programación de análises empíricas con R.
- **Se non tes coñecementos de estatística non te apuntes.** Na formación básica da EDIUS **hai propostas para as diferentes áreas que poden adaptarse mellor ás túas necesidades.** Consulta co/a teu/túa titor/a, coordinador/a cal é a mellor escolla. Se non ofrecemos o curso que precisas, eles poden solicitálo.

 [Ir ao sumario](#)



# Formación

## Actividades

Decembro 2020 - Xaneiro 2021

### Módulo: Competencias en comunicación, divulgación

#### Divulgación e visibilidade social da investigación

Presencial: 18, 26 e 27 de xaneiro de 2021

Matriculación: do 8 ao 17 de xaneiro de 2021

#### Deseño e edición de materiais para presentacións escritas

Semipresencial: 16 e 17 de decembro de 2020 e 11 de xaneiro de 2021

Matriculación: consultar na web da EDIUS

### Módulo: Actividades profesorado

#### Ferramentas para a creación de contidos audiovisuais para a investigación e a docencia

Presencial: 15 de decembro de 2020 e 13 de xaneiro de 2021

Matriculación: do 1 ao 7 de decembro de 2020

#### Obradoiro de xestión de equipos

Online: 22 de decembro de 2020; 12, 19 e 26 de xaneiro de 2021

Matriculación: do 9 ao 15 de decembro de 2020

#### Xestión de recursos

Presencial: 25 de xaneiro; 8 e 22 de febreiro de 2021

Matriculación: do 11 ao 18 de xaneiro de 2021

 [Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA

## “Os SIX son ferramentas de análise para resolver problemas sobre o territorio e propoñer solucións”



**Emilio-Ángel  
Abad Vidal**

Centro Supercomputación de Galicia

Técnico superior en sistemas de información xeográfica no Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e membro do GEPN. Desenvolve a súa liña de investigación na creación de modelos e servizos de información arqueolóxica interoperables, dirixidos á publicación de datos a través de infraestruturas de datos espaciais (IDE) de acordo coas especificacións da Directiva europea INSPIRE.

[↗ Ir ao perfil ORCID](#)

[↶ Ir ao sumario](#)

